



Concello de Mugardos (A Coruña)

Actividade: Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Procedemento: Disposicións normativas (aprobación, modificación ou derogación)

Código SIA: 2475571

Expediente: 2057/2023

Trámite Publicación.- Anuncio inicio fase consulta pública inicio elaboración regulamento prestación económicas servizos sociais

ANUNCIO

Aprobado inicialmente o proxecto de Regulamento de prestacións económicas servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos en sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 31 de xullo de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles durante o cal ás persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e suxerencias que estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do presente anuncio.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> , e na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación, normativa en fase de información pública) así como no espazo de Participación cidadá na elaboración normativa (Iniciativas en fase de información pública), <https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/>

O expediente está a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos e o texto completo do proxecto, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente observación ou reclamación ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, levándose a cabo a publicación do acordo e texto íntegro do Regulamento no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata o transcurso do prazo dos quince días hábiles ao que se refire o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> sección Transparencia, apartado Normativa en vigor.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Documentación obxecto de publicación nesta fase:

- Certificado do acordo adoptado polo Pleno con data 31 de xullo de 2024 no que se recolle o texto do proxecto aprobado inicialmente.
- Informe de secretaria de 15 de xullo de 2024.
- Informe de intervención de 24 de xullo de 2024.
- Informes de 20 de novembro de 2023 e complementario da traballadora social de 24 de xullo de 2024
- Certificado do resultado da previa fase de audiencia e participación cidadá de 15 de xullo de 2024.

O que se fai público de acordo co artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bó Goberno e en exercizo das funcións conferidas no artigo 3.2º.j) do RD 128/2016, de 18 de marzo, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Mugardos, documento asinado dixitalmente á marxe.

O secretario accidental (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do establecido na Resolución núm. 2024-0865, de data 23.07.2024).

